

ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILA DE CRUCES PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 6306 AGOLADA-CRUCES, DO P.Q. 16+450 Ó P.Q. 16+750”.

INTERVEÑEN

Dunha parte María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dontra parte Luís Celso Taboada Sánchez, alcalde do Concello de Vila de Cruces, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- O 16 de novembro de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vila de Cruces formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6306 Agolada-Cruces, do P.Q. 16+450 ó P.Q. 16+750”

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- A Deputación solicitou o 12 de novembro de 2021 ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) unha axuda para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm.185, de 4 de agosto de 2021). Esta solicitude está pendente de resolución.

IV.- Pese a que o prazo de execución da obra remata dentro do ano 2022, a tramitación derivada da execución da obra prolongarase ata o ano 2023.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e



PACTAN:

PRIMEIRO.- *Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vila de Cruces para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6306 Agolada-Cruces, do P.Q. 16+450 ó P.Q. 16+750 (Concello de Vila de Cruces)”.*

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- *En todo o demais, o convenio asinado o 16 de novembro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”*

E para que así conste, en proba de conformidade, as dúas partes asinan a presente addenda na data da sinatura dixital.

